Único. Visto que é competencia da Xunta de Goberno Local a autorización e disposición de gastos, tal e como consta no artigo 14 de Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a realización do acto de presentación do libro "25 anos do premio literario Camilo José Cela", segundo o seguinte programa:

- Presentación do libro "25 anos do Premio Literario Camilo José Cela".
- Entrega do XXVI Premio Literario Camilo José Cela a don José Raúl Clavero Blázquez.
- Conferencia "Cela e Galicia" a cargo de Dona Ana Platas Tasende, Catedrática de Lingua e Literatura Españolas.
- Concerto de A.S.C. Coro Liceo de Vilagarcía de Arousa.

Segundo.- Aprobar o orçamento para o desenvolvemento do acto por importe de 902,85 € (800,00 € para o Concerto e 102,85 € para obsequio da conferenciante), con cargo á aplicación orzamentaria 334/226.15 do orçamento vixente prorrogado para o 2016.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a realización do acto de presentación do libro "25 anos do premio literario Camilo José Cela", segundo o seguinte programa:

- Presentación do libro "25 anos do Premio Literario Camilo José Cela".
- Entrega do XXVI Premio Literario Camilo José Cela a don José Raúl Clavero Blázquez.
- Conferencia "Cela e Galicia" a cargo de Dona Ana Platas Tasende, Catedrática de Lingua e Literatura Españolas.
- Concerto de A.S.C. Coro Liceo de Vilagarcía de Arousa.

Segundo.- Aprobar o orçamento para o desenvolvemento do acto por importe de 902,85 € (800,00 € para o Concerto e 102,85 € para obsequio da conferenciante), con cargo á aplicación orzamentaria 334/226.15 do orçamento vixente prorrogado para o 2016.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

15.- APROBACIÓN DO CLUB DE LECTURA EN VALORES "FAHRENHEIT 451".

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 26 de xaneiro de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro: En data 20 de xaneiro de 2016 a A Técnica Coordinadora de Voluntariado presenta en colaboración coa Bibliotecaria e co visto e prace da Concelleira delegada de Xuventude e Voluntariado e Cultura, unha proposta para dar seguemento durante o ano 2016 ao Club de Lectura en Valores para a poboación padronesa maior de 16 anos. Esta actividade desenvolverase de xeito estable, con sesións cada tres semanas iniciándose no mes de xaneiro e rematando en decembro, seguindo o calendario escolar. O custe total da actividade é de 1.760,00 € sendo imputable na súa totalidade á partida de voluntariado no presente exercicio.

Segundo. Visto que o orzamento para a realización da actividade ascende a 1.760,00 € e que existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 2311/226.14 do orzamento vixente prorrogado para o 2016 .

Fundamentos de dereito.

Único. Visto que é competencia da Xunta de Goberno Local a autorización e disposición de gastos, tal e como consta no artigo 14 de Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a realización do CLUB DE LECTURA EN VALORES "FAHRENHEIT 451".

Segundo.- Aprobar o orzamento para o desenvolvemento da dita actividade por importe de 1.760,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2311/226.14 do orzamento vixente prorrogado para o 2016.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a realización do CLUB DE LECTURA EN VALORES "FAHRENHEIT 451".

Segundo.- Aprobar o orzamento para o desenvolvemento da dita actividade por importe de 1.760,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2311/226.14 do orzamento vixente prorrogado para o 2016.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

16.- APROBACIÓN DOS "OBRADOIROS DE CARACTERIZACIÓN E MAQUILLAXE DE FANTASIA "DA OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO".

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 26 de xaneiro de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro: En data 18 de xaneiro de 2016 a Técnica Coordinadora de Voluntariado Municipal, co visto e prace da Concelleira delegada de área, presenta proposta relativa á realización dos "OBRADOIROS DE CARACTERIZACIÓN E MAQUILLAXE DE FANTASÍA", con indicación da súa fundamentación, obxectivos e poboación destinataria. Dita proposta vai acompañada das propostas e orzamentos solicitados a entidades con experiencia formativa nesa temática, concluíndose que a proposta de Olalla Cruces Saavedra (Mundo Activo) é a máis axustada desde o punto de vista técnico, pola programación e orzamento.

Segundo. Visto que o orzamento para a impartición do devandito curso ascende a 611,05 € e que existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 2311/226.14 do orzamento vixente e que se fixo a oportuna retención de crédito.

Fundamentos de dereito.

Único. Visto que é competencia da Xunta de Goberno Local a autorización e disposición de gastos, tal e como consta no artigo 14 de Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a realización dos "OBRADOIROS DE CARACTERIZACIÓN E MAQUILLAXE DE FANTASÍA", sendo impartidos por Olalla Cruces Saavedra.

Segundo.- Aprobar o orzamento para a impartición dos devanditos cursos por importe de 611,05 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2311/226.14 do orzamento vixente.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a realización dos "OBRADOIROS DE CARACTERIZACIÓN E MAQUILLAXE DE FANTASÍA", sendo impartidos por Olalla Cruces Saavedra.


Segundo.- Aprobar o orzamento para a impartición dos devanditos cursos por importe de 611,05 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2311/226.14 do orzamento vixente.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

17.- APROBACIÓN DO OBRADOIRO DE EMPODERAMENTO E BENESTAR PARA MULLERES: "TEMPO PARA NÓS".

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 26 de xaneiro de 2016:

<<Antecedentes administrativos.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Primeiro: En data 20 de xaneiro de 2016 a Técnica Coordinadora de Voluntariado Municipal, co visto e prace da Concelleira delegada de área, presenta proposta relativa á realización do OBRADOIRO DE EMPODERAMENTO E BENESTAR PARA MULLERES: "TEMPO PARA NÓS" a desenvolver polo grupo de traballo de Voluntariado en Igualdade. O obxectivo é dar resposta ás demandas de actividades exclusivas para o colectivo feminino e é empoderar ás persoas, neste caso mulleres, do proxecto de Educación Familiar en claro risco de exclusión social e grupos informais de mulleres do ámbito rural, para que adquiran maior control sobre a súa propia vida no caso das primeiras e benestar no caso de ambos grupos. Para a realización deste proxecto precisase contar con materiais que teñen un custe de 300,00 €.

Segundo. Visto que o orzamento para destinar a materiais para a axeitada execución da proposta ascende a 300,00 € e que existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 2311/226.14 do orzamento vixente prorrogado para o 2016 e que se fixo a oportuna retención de crédito.

Fundamentos de dereito.

Único. Visto que é competencia da Xunta de Goberno Local a autorización e disposición de gastos tal e como consta no artigo 14 de Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a execución do OBRADOIRO DE EMPODERAMENTO E BENESTAR PARA MULLERES: "TEMPO PARA NÓS" a desenvolver polo grupo de traballo de Voluntariado en Igualdade.

Segundo.- Aprobar o orzamento para a execución do citado proxecto por importe de 300,00 € en concepto de materiais con cargo á aplicación orzamentaria 2311/226.14 do orzamento vixente prorrogado para o 2016.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a execución do OBRADOIRO DE EMPODERAMENTO E BENESTAR PARA MULLERES: "TEMPO PARA NÓS" a desenvolver polo grupo de traballo de Voluntariado en Igualdade.

Segundo.- Aprobar o orzamento para a execución do citado proxecto por importe de 300,00 € en concepto de materiais con cargo á aplicación orzamentaria 2311/226.14 do orzamento vixente prorrogado para o 2016.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

18.- APROBACIÓN DAS BASES DO CONCURSO DE NARRATIVA XXVII PREMIO LITERARIO CAMILO JOSÉ CELA ANO 2016.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 26 de xaneiro de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro: Visto o informe-proposta da concelleira delegada de cultura, dona Lorena Couso Dopazo, de data 20 de xaneiro de 2016, sobre a aprobación da realización do concurso de narrativa XXVII premio Literario Camilo José Cela 2016 e as súas bases reguladoras.

Segundo: Considerando que existe crédito axeitado e suficiente, en todo caso a nivel de vinculación xurídica, na aplicación orzamentaria do orzamento vixente 334/226.22 por importe de 1.500,00 euros para atender ao pago do premio co que está dotado o dito concurso de narrativa e que se fixo a oportuna retención de crédito .

Fundamentos de dereito.

Único: Artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aprobar a realización do concurso de narrativa XXVII Premio Literario Camilo José Cela ano 2016 e as súas bases reguladoras, que se transcriben a continuación:

<<Primeira. Establécese un premio de 1.500 €, coa súa correspondente retención do IRPF, con cargo á partida orzamentaria 334.226/22, e unha estatuiña do escritor Camilo José Cela para a obra seleccionada polo xurado.

Segunda. Os relatos terán unha extensión de 12 a 25 folios, mecanografiados ou escritos en formato Word a dobre espazo con tipo de letra Arial e tamaño 12. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou castelán.

Terceira. O prazo de entrega dos traballos rematará o 15 de xullo de 2016. Presentaránse no Rexistro Xeral de entrada de documentos do Concello de Padrón, situado na pranta baixa da casa do concello na Rúa Longa nº 27, 15900 Padrón (A Coruña), por quintuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema. Achegarase ademais un sobre pechado no que figure por fóra o devandito lema e dentro del indicárase o nome, apelidos, D.N.I. Teléfono, enderezo de correo electrónico e enderezo de correo ordinario do autor ou autora do traballo e unha declaración asinada polo ou pola mesma de que o relato axústase ás normas establecidas na base segunda. Abrirase soamente o sobre do traballo premiado.

Cuarta. Unha vez finalizado o prazo de presentación dos relatos, no prazo máximo de dous meses autorízase ao presidente ou á presidenta e secretaria ou secretario do xurado á apertura dos sobres que conteñen os relatos presentados a este concurso, aos únicos efectos de indicar o número correlativo no sobre de datos persoais e en todos os exemplares de cada relato e a súa distribución entre todos os vogais do xurado.

Quinta. O Xurado, designado por resolución do Alcalde do Concello de Padrón, emitirá a súa resolución antes do día 31 de decembro de 2016 baixo os principios de publicidade, transparencia, igualdade, non discriminación e obxectividade. Esta resolución faráse pública no taboleiro de anuncios do concello.

Sexta. Se no prazo de dez días non se logra localizar ao premiado ou premiada mediante os datos persoais facilitados, o premio recaerá no seguinte relato mellor cualificado polo xurado.

Sétima. O relato premiado pasará a ser propiedade do Concello de Padrón, que se reserva o dereito de publicalo e o autor deberá enviar o relato premiado en soporte dixital ao departamento de cultura do Concello de Padrón.

Oitava. A entrega do premio realizarase no lugar e data que determine a concellería de cultura do Concello de Padrón.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Novena. Os traballos non premiados destruíranse.

Décima. Non poderán presentarse a este concurso os autores premiados en anteriores convocatorias.

Décima primeira. O xurado poderá decidir deixalo deserto ou ben conceder tantos accésit como considere coa contía global do premio.

Décima segunda. A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria, é de exclusiva competencia do Concello de Padrón e do xurado>>

Segundo: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a realización do concurso de narrativa XXVII Premio Literario Camilo José Cela ano 2016 e as súas bases reguladoras, que se transcriben a continuación:

<<Primeira. Establécese un premio de 1.500 €, coa súa correspondente retención do IRPF, con cargo á partida orzamentaria 334.226/22, e unha estatutiña do escritor Camilo José Cela para a obra seleccionada polo xurado.

Segunda. Os relatos terán unha extensión de 12 a 25 folios, mecanografiados ou escritos en formato Word a dobre espazo con tipo de letra Arial e tamaño 12. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou castelán.

Terceira. O prazo de entrega dos traballos rematará o 15 de xullo de 2016. Presentaránse no Rexistro Xeral de entrada de documentos do Concello de Padrón, situado na pranta baixa da casa do concello na Rúa Longa nº 27, 15900 Padrón (A Coruña), por quintuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema. Achegarase ademais un sobre pechado no que figure por fóra o devandito lema e dentro del indicarase o nome, apelidos, D.N.I. Teléfono, enderezo de correo electrónico e enderezo de correo ordinario do autor ou autora do traballo e unha declaración asinada polo ou pola mesma de que o relato axústase ás normas establecidas na base segunda. Abrirase soamente o sobre do traballo premiado.

Cuarta. Unha vez finalizado o prazo de presentación dos relatos, no prazo máximo de dous meses autorízase ao presidente ou á presidenta e secretaria ou secretario do xurado á apertura dos sobres que conteñen os relatos presentados a este concurso, aos únicos efectos de indicar o número correlativo no sobre de datos persoais e en todos os exemplares de cada relato e a súa distribución entre todos os vogais do xurado.

Quinta. O Xurado, designado por resolución do Alcalde do Concello de Padrón, emitirá a súa resolución antes do día 31 de decembro de 2016 baixo os principios de publicidade, transparencia, igualdade, non discriminación e obxectividade. Esta resolución faráse pública no taboleiro de anuncios do concello.

Sexta. Se no prazo de dez días non se logra localizar ao premiado ou premiada mediante os datos persoais facilitados, o premio recaerá no seguinte relato mellor cualificado polo xurado.

Sétima. O relato premiado pasará a ser propiedade do Concello de Padrón, que se reserva o dereito de publicalo e o autor deberá enviar o relato premiado en soporte dixital ao departamento de cultura do

Concello de Padrón.

Oitava. *A entrega do premio realizaráse no lugar e data que determine a concellería de cultura do Concello de Padrón.*

Novena. *Os traballos non premiados destruíranse.*

Décima. *Non poderán presentarse a este concurso os autores premiados en anteriores convocatorias.*

Décima primeira. *O xurado poderá decidir deixalo deserto ou ben conceder tantos accésit como considere coa contía global do premio.*

Décima segunda. *A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria, é de exclusiva competencia do Concello de Padrón e do xurado>>*

Segundo: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

19.- APROBACIÓN DA CELEBRACIÓN DA "FESTA DO ENTROIDO".

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 26 de xaneiro de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro: En data 22 de xaneiro de 2016 a Concelleira de Xuventude presenta unha proposta para aprobar a celebración da "Festa do Entroido" que terá lugar o domingo 14 de febreiro no pavillón do Souto, que xa se ven realizando ao longo de varios anos e que conta sempre cunha gran participación.

Segundo. Visto que o orzamento para a realización da actividade ascende á cantidade de 1.422,90 € e que existe crédito axeitado e suficiente para atender a dito gasto na aplicación orzamentaria 334-226.12 do orzamento vixente prorrogado para o 2016.

Fundamentos de dereito.

Único. Visto que é competencia da Xunta de Goberno Local a autorización e disposición de gastos, tal e como consta no artigo 14 de Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a celebración da "Festa do Entroido" que contará cunha discomóvil, Dj animador, decoración, lambetadas, un obradoiro de filloas para realizar polos nenos e nesnas asistentes e na que se obsequiará aos que acudan disfrazados cun chocolate con churros.

Segundo.- Aprobar o orzamento para o desenvolvemento da actividade por importe de 1.422,90 € (1.197,90 € para animación da festa, BBV Animaciones y eventos, e 225,00 € para chocolate con churros), con cargo á aplicación orzamentaria 334/226.12 do orzamento vixente prorrogado para o 2016.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a celebración da "Festa do Entroido" que contará cunha discomóvil, Dj animador, decoración, lambetadas, un obradoiro de filloas para realizar polos nenos e nesnas asistentes e na que se obsequiará aos que acudan disfrazados cun chocolate con churros.

Segundo.- Aprobar o orzamento para o desenvolvemento da actividade por importe de 1.422,90 € (1.197,90 € para animación da festa, BBV Animaciones y eventos, e 225,00 € para chocolate con churros), con cargo á aplicación orzamentaria 334/226.12 do orzamento vixente prorrogado para o 2016.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

20.- APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E CONSERVACIÓN DE CONTADORES E ACOMETIDAS, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA CREADO NA LERI 9/2010, DE 4 DE NOVEMBRO, DE AUGAS DE GALICIA, E COEFICIENTE DE VERTEDEURA E SANEAMENTO CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DO 2015 (OUTUBRO A DECEMBRO).

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 22 de xaneiro de 2016:

<<Antecedentes administrativos:

Unico: Visto o padrón fiscal, listado e resumo de facturación da taxa polos servizos de subministración de auga e conservación de contadores e acometidas, saneamento, depuración de augas residuais e canon da auga creado na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, e coeficiente de vertura e saneamento, correspondente ao cuarto trimestre de 2015 (outubro a decembro de 2015), confeccionado pola Empresa concesionaria do servizo municipal de augas Espina y Delfín S.L. e que tivo entrada no Rexistro Xeral de documentos do Concello de Padrón en data 19 de xaneiro do 2016, con NRE 459.

Fundamentos de Dereito:

Unico: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, que establece que o Alcalde delega na Xunta de Goberno Local as atribucións delegables do artigo 61.1 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre as que se atopan autorizar e dispoñer os gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar os pagos, rendir as contas e o desenvolvemento da xestión económica conforme ao orzamento aprobado.

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aprobar inicialmente o padrón fiscal de contribuíntes da taxa polos servizos de subministración de auga e conservación de contadores e acometidas, saneamento, depuración de augas residuais e canon da auga creado na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, e coeficiente de vertura e saneamento, correspondente ao cuarto trimestre de 2015 (outubro a decembro de 2015) por importe total de 129.243,65 euros.

Segundo: Abrir un período de exposición pública polo prazo dun mes, mediante anuncio publicado no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, con carácter de notificación colectiva ao abeiro do

disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a efectos de que os interesados poidan formular as reclamacións e suxestións que estimen oportunas contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas a este, dándolles os recursos que procedan en dereito.

Terceiro: O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA Y DELFIN S.L. Sita na Avenida Compostela, 31, baixo de Padrón en horario de 9:00 a 13:30 horas, de luns a venres, en período voluntario ata o vindeiro 1 de abril do 2016.

Cuarto: Unha vez rematado o prazo de ingreso en período voluntario, sen que se teña efectuado o mesmo, proceder ao seu cobro pola vía administrativa de apremio, tendo en conta os seguintes recargos regulados no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria:

-recargo executivo do 5% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada no período voluntario, antes da notificación da providencia de prema.

-recargo de apremio reducido do 10% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e a propia recarga, antes da finalización do prazo de pago para as débedas apremiadas.

-Recargo de apremio ordinario do 20% sobre a totalidade da débeda, con xuros de demora. Aplicarase cando non concorran as circunstancias anteriores.

-A falta de pagamento do canon da auga no período voluntario sinalado suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Quinto. Contra as liquidacións incorporadas ao padrón tódolos interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado l) do precepto anteriormente citado. O recurso entenderase desestimando se non se resolve expresamente no prazo dun mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda no prazo de dous meses, dende a notificación da resolución expresa, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal e como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que ses estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente o padrón fiscal de contribuíntes da taxa polos servizos de subministración de auga e conservación de contadores e acometidas, saneamento, depuración de augas residuais e canon da auga creado na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, e coeficiente de vertura e saneamento, correspondente ao cuarto trimestre de 2015 (outubro a decembro de 2015) por importe total de 129.243,65 euros.

Segundo: Abrir un período de exposición pública polo prazo dun mes, mediante anuncio publicado no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, con carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a efectos de que os interesados poidan formular as reclamacións e suxestións que estimen oportunas contra o acto de



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas a este, dándolles os recursos que procedan en dereito.

Terceiro: O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA Y DELFIN S.L. Sita na Avenida Compostela, 31, baixo de Padrón en horario de 9:00 a 13:30 horas, de luns a venres, en período voluntario ata o vindeiro 1 de abril do 2016.

Cuarto: Unha vez rematado o prazo de ingreso en período voluntario, sen que se teña efectuado o mesmo, proceder ao seu cobro pola vía administrativa de apremio, tendo en conta os seguintes recargos regulados no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria:

-recargo executivo do 5% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada no período voluntario, antes da notificación da providencia de prema.

-recargo de apremio reducido do 10% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e a propia recarga, antes da finalización do prazo de pago para as débedas apremiadas.

-Recargo de apremio ordinario do 20% sobre a totalidade da débeda, con xuros de demora. Aplicarase cando non concorran as circunstancias anteriores.

-A falta de pagamento do canon da auga no período voluntario sinalado suporá a esixencia directamente ao contribuinte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Quinto. Contra as liquidacións incorporadas ao padrón tódolos interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado l) do precepto anteriormente citado. O recurso entenderase desestimando se non se resolve expresamente no prazo dun mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda no prazo de dous meses, dende a notificación da resolución expresa, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal e como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que ses estime pertinente.

21.- APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS ANUAIS DE CONTRIBUINTES CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ECONÓMICO 2016 DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO E DA TAXA ÑOLA ENTRADA DE VEHÍCULO A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E POR RESERVA DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO (VADOS).

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 26 de xaneiro de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por parte dos servizos técnicos municipais de administración de tributos procedeuse á elaboración dos Padróns fiscais anuais de contribuíntes correspondentes ao exercicio económico 2016 da taxa pola prestación do servizo de Recollida de Lixo e da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcamento exclusivo (Vados), de acordo coas disposicións contidas nas

Ordenanzas Fiscais Municipais reguladoras destes Tributos e no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Segundo. Visto que a súa recadación voluntaria e executiva está delegada na Deputación Provincial de A Coruña, por acordo da Corporación Municipal deste Concello, ao abeiro do disposto no artigo 7 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en relación co disposto no artigo 106.3 da Lei de Bases do Réxime Local.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Ordenanza fiscal número 8 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o 12 de Novembro de 2007, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 19, do 23 xaneiro de 2008.

Segundo. Ordenanza fiscal número 20 reguladora da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcamento exclusivo, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o 12 de Novembro de 2007, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 19, do 23 xaneiro de 2008.

Terceiro. Considerando que a competencia para a aprobación dos Padróns Fiscais é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.f. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pero que esta competencia está delegada Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Aprobar inicialmente os Padróns Fiscais de contribuíntes correspondentes ao exercicio económico 2016 das taxas que se relacionan a continuación:

-Taxa pola prestación do Servizo de Recollida de Lixo, por importe de 267.432,79 €, recibos nos que se fracciona o cobro por semestres.

-Taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcamento exclusivo (Vados), por importe de 3.915,10 €.

Segundo. Abrir un período de exposición pública polo prazo de UN MES, mediante anuncio publicado no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, con carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a efectos de que os interesados poidan formular as reclamacións e suxestións que estimen oportunas contra o acto de aprobación dos padróns e das liquidacións incorporadas a estes, dándolles os recursos que procedan en dereito.

Terceiro. Establecer como prazo de ingreso en período voluntario o que estableza o servizo competente do organismo provincial mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia no que se indicarán tamén a modalidade de ingreso, así coma as datas e lugares para a realización do mesmo.

Cuarto. Unha vez rematado o prazo de ingreso en período voluntario sen ter efectuado o ingreso, proceder ao seu cobro pola vía administrativa de apremio, tendo en conta os seguintes recargos regulados no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria:

-Recargo executivo do 5% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada no período voluntario, antes da notificación da providencia de prema.

-Recargo de apremio reducido do 10% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e a propia recarga, antes da finalización do prazo de pago para as débedas apremiadas.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

-Recargo de apremio ordinario do 20% sobre a totalidade da débeda, con xuros de demora.
Aplicarase cando non concorran as circunstancias anteriores.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente os Padróns Fiscais de contribuíntes correspondentes ao exercicio económico 2016 das taxas que se relacionan a continuación:

-Taxa pola prestación do Servizo de Recollida de Lixo, por importe de 267.432,79 €, recibos nos que se fracciona o cobro por semestres.

-Taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcamento exclusivo (Vados), por importe de 3.915,10 €.

Segundo. Abrir un período de exposición pública polo prazo de UN MES, mediante anuncio publicado no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, con carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a efectos de que os interesados poidan formular as reclamacións e suxestións que estimen oportunas contra o acto de aprobación dos padróns e das liquidacións incorporadas a estes, dándolles os recursos que procedan en dereito.

Terceiro. Establecer como prazo de ingreso en período voluntario o que estableza o servizo competente do organismo provincial mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia no que se indicarán tamén a modalidade de ingreso, así coma as datas e lugares para a realización do mesmo.

Cuarto. Unha vez rematado o prazo de ingreso en período voluntario sen ter efectuado o ingreso, proceder ao seu cobro pola vía administrativa de apremio, tendo en conta os seguintes recargos regulados no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria:

-Recargo executivo do 5% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada no período voluntario, antes da notificación da providencia de prema.


-Recargo de apremio reducido do 10% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e a propia recarga, antes da finalización do prazo de pago para as débedas apremiadas.

-Recargo de apremio ordinario do 20% sobre a totalidade da débeda, con xuros de demora.
Aplicarase cando non concorran as circunstancias anteriores.


22.- ROGOS E PREGUNTAS.

Por parte das señoras concelleiras e dos señores concelleiros asistentes á sesión non se formula ningún rogo nin ningunha pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión sendo as once horas, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina conmigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.



Asdo. Antonio Fernández Angueira



Asdo. Ana María Ares Álvarez